

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

DISPÓN O:

4113 REAL DECRETO 277/2005, do 11 de marzo, polo que se modifica o Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro. («BOE» 61, do 12-3-2005.)

O control estrito da fabricación, circulación, almacenamento, comercio, tenza e utilización de explosivos está estreitamente vinculado co mantemento da seguridade cidadá.

O Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, ditado ao abeiro tanto da habilitación competencial atribuída ao Estado no artigo 149.1.26.^a da Constitución como da habilitación ao Goberno para desenvolver os artigos 6 e 7 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá, unificou en boa medida o réxime xurídico disperso ata a data en varios textos normativos. Así mesmo, serve como norma supletoria a outras disposicións que, con distinta finalidade, conteñen normas referentes en materia de explosivos, de entre as que se podería destacar o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril.

Dado o evidente risco que xera para a seguridade cidadá a subtracción dos explosivos, así como a súa desviación para usos delitivos, cómpre perfeccionar os controis sobre as actividades relacionadas coa fabricación, circulación, almacenamento, comercio, tenza e utilización de explosivos.

Neste sentido, a Orde PRE/2426/2004, do 21 de xullo, pola que se determina o contido, formato e mantemento dos libros rexistro de movementos e consumo de explosivos, posibilita realizar un control efectivo das entradas e saídas deste tipo de produtos nas instalacións autorizadas para a venda de explosivos e nas fábricas destes, mediante o libro rexistro de movementos, e das operacións vinculadas ao seu consumo, no caso do libro rexistro de consumo de explosivos.

Non obstante, resulta tamén necesario delimitar de maneira clara e precisa no Regulamento de explosivos os suxeitos responsables do mantemento tanto do libro rexistro de consumo como das actas de uso de explosivos en explotacións e obras onde se depositen e manexen explosivos, así como os suxeitos responsables do mantemento dos libros rexistro de movementos de explosivos tanto nas instalacións autorizadas para a venda de explosivos e cartuchería como nas fábricas de explosivos e talleres de cartuchería e artificios pirotécnicos.

Seguindo o mesmo espírito que guía a reforma, incrementáanse as medidas de seguridade nas polvoreiras auxiliares de explosivos, así como durante o seu consumo derradeiro. As polvoreiras que non reúnan os requisitos de seguridade que se prevén nesta reforma deberán adaptar no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto.

Por outra parte, resulta necesario traspoñer a Directiva 2004/57/CE da Comisión, do 23 de abril de 2004, relativa á identificación de artigos pirotécnicos e certos tipos de munición para os efectos da Directiva 93/15/CEE do Consello, relativa á harmonización das disposicións sobre a posta no mercado e o control dos explosivos con fins civís.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Defensa e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de marzo de 2005,

Artigo único. *Modificación do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.*

O Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 1 queda redactado da seguinte forma:

«3. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste regulamento, e rexeranse pola normativa especial ditada para o efecto, as Forzas Armadas, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e os corpos de policía das comunidades autónomas que, en virtude dos seus estatutos, teñan competencias para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, e contén con unidades de desactivación de explosivos. Para o desenvolvemento das súas funcións quedan excluídos os establecementos e instalacións das ditas forzas e corpos.»

Dous. A alínea c) do número 1 do artigo 8 queda redactada da seguinte forma:

«c) O Ministerio de Defensa, a través da Dirección Xeral de Armamento e Material, en cumprimento da función de salvagardar a defensa nacional, na autorización das instalacións das fábricas e depósitos de explosivos e no control destas fábricas nos aspectos concernentes á defensa nacional.»

Tres. O último parágrafo do número 1 do artigo 10 queda redactado da seguinte forma:

«As materias e obxectos explosivos definidos anteriormente correspóndense coas que figuran na clase I das "Recomendacións das Nacións Unidas relativas ao transporte de mercadorías perigosas".

Terán a consideración de artigos pirotécnicos ou munición aqueles que se relacionan no anexo I.

Os artigos respecto dos que se require unha especificación, en canto á súa consideración como pirotécnicos ou como explosivos, relaciónanse no anexo II.»

Catro. O número 2 do artigo 92 queda redactado da seguinte forma:

«2. Os servizos de vixilancia efectuarán periodicamente, e sen necesidade de aviso previo, rexistros individuais para velar polo cumprimento do disposto no punto anterior, todo iso de acordo cun plan aprobado e supervisado pola Intervención de Armas e Explosivos correspondente, á que se lle enviará mensualmente un parte resumo das actuacións realizadas.»

Cinco. O número 2 do artigo 185 queda redactado da seguinte forma:

«2. Os servizos de vixilancia efectuarán periodicamente, e sen necesidade de aviso previo, rexistros individuais para velar polo cumprimento do disposto no punto anterior, todo iso de acordo cun plan aprobado e supervisado pola Intervención de Armas e Explosivos correspondente, á que se lle enviará mensualmente un parte resumo das actuacións realizadas.»

Seis. O número 2 do artigo 190 queda redactado da seguinte forma:

«2. A polvoreira estará construída en forma de caixa forte, contará cun nivel de seguridade de

grao VII, que se definirá mediante a correspondente instrución técnica complementaria, estará ancorado ao terreo mediante unha cuberta de formigón e disporá de dobre cerradura de seguridade, unha de cuxas chaves estará en poder do encargado da explotación ou obra e a outra, en poder do vixilante de seguridade de explosivos, se o houber. Ademais, naquelas explotacións ou obras cuxa duración sexa superior a seis meses e sempre que nelas se encontre almacenada unha cantidade igual ou superior a 150 kg de explosivo ou, polo menos, 1.000 detonadores, deberán contar coa presenza de vixilantes de seguridade de explosivos. Os ditos vixilantes poderán ser substituídos por medidas alternativas de seguridade recollidas nun plan de seguridade aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos. Así mesmo, a polvoreira será homologada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos.»

Sete. Introdúcense no artigo 195 dous números, o 3 e o 4, coa seguinte redacción:

«3. O persoal que intervéen nos procesos de manexo e consumo de explosivos será o que a continuación se enumera, e terá as funcións que para cada un se sinalan:

a) O director facultativo da voadura ou, no seu defecto, o director facultativo da explotación ou obra é o encargado de designar tanto a persoa responsable do mantemento do libro rexistro de consumo como a persoa responsable do equipo de traballo ou da voadura a que se refire este regulamento.

No suposto de que non se procedese ás anteriores designacións, a responsabilidade asumirá directamente o director facultativo da voadura ou, no seu defecto, o da explotación ou obra.

b) O responsable do equipo de traballo ou da voadura, ademais das funcións que polo seu cargo ten encomendadas, e de reunir os requisitos exixidos para o seu nomeamento, deberá custodiar e garantir a correcta utilización do material explosivo. Así mesmo, deberá asinar as actas de uso de explosivos e acreditar que os datos que figuran nelas son certos.

c) Outras persoas que manexen ou manipulen explosivos poderán intervir no proceso do seu consumo, sempre que fosen debidamente nomeados. Serán responsables da correcta utilización dos explosivos e, se é o caso, daquelas outras obrigas que lles encomende a dirección facultativa.

4. As habilitacións específicas para a utilización de explosivos serán concedidas pola Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno correspondente e incluírán as condicións técnicas e de seguridade que se dan nelas. Non obstante o anterior, os responsables da explotación ou obra deberánlle comunicar a contratación de tales persoas á Intervención de Armas e Explosivos correspondente, a cal se poderá opor por razóns de seguridade pública debidamente acreditadas.

Igualmente, os responsables da explotación ou obra deberánlle comunicar coa suficiente antelación á Intervención de Armas e Explosivos correspondente a contratación de traballadores distintos dos anteriores que interveñan no proceso de consumo de explosivos.»

Oito. O artigo 203 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 203.

1. Os responsables efectivos das instalacións autorizadas para a venda de explosivos designarán

unha persoa encargada do mantemento dos libros rexistro a que se refire a instrución técnica complementaria número 20, que previamente á súa utilización deberán presentar na Intervención de Armas e Explosivos para seren numerados, selados e dilixenciados.

Se a persoa autorizada para a venda de explosivos fose unha persoa física, entenderase que esta é a responsable efectiva da instalación. Se o autorizado fose unha persoa xurídica, entenderase por responsable efectivo da instalación a persoa encargada, de feito ou de dereito, da dirección da instalación.

No suposto de que non se procedese á designación a que se refire o parágrafo anterior, a responsabilidade do mantemento dos libros rexistro indicados asumirá directamente o responsable efectivo da instalación.

2. Mensualmente, os responsables dos libros rexistro deberán presentar para a súa supervisión na Intervención de Armas e Explosivos correspondente.»

Novo. O artigo 204 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 204.

1. Os responsables efectivos das instalacións autorizadas para a venda de cartucharía designarán unha persoa encargada do mantemento dos libros rexistro a que se refire a Instrución técnica complementaria número 20, que previamente á súa utilización deberán presentar na Intervención de Armas e Explosivos para seren numerados, selados e dilixenciados.

Se a persoa autorizada para a venda de cartucharía fose unha persoa física, entenderase que esta é a responsable efectiva da instalación. Se o autorizado fose unha persoa xurídica, entenderase por responsable efectivo da instalación a persoa encargada, de feito ou de dereito, da dirección da instalación.

No suposto de que non se procedese á designación a que se refire o parágrafo anterior, a responsabilidade do mantemento dos libros rexistro indicados asumirá directamente o responsable efectivo da instalación.

2. Mensualmente, os responsables dos libros rexistro deberán presentar para a súa supervisión na Intervención de Armas e Explosivos correspondente.»

Dez. O artigo 205 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 205.

1. Os responsables efectivos das fábricas e talleres de materias regulamentadas designarán unha persoa encargada do mantemento dos libros rexistro a que se refire a instrución técnica complementaria número 20, que previamente á súa utilización deberán presentar na Intervención de Armas e Explosivos para seren numerados, selados e dilixenciados.

Se a persoa autorizada para as actividades citadas anteriormente fose unha persoa física, entenderase que esta é a responsable efectiva da instalación. Se o autorizado fose unha persoa xurídica, entenderase por responsable efectivo da instalación a persoa encargada, de feito ou de dereito, da dirección da instalación.

No suposto de que non se procedese á designación a que se refire o parágrafo anterior, a responsabilidade do mantemento dos libros rexistro indica-

dos asumirá directamente o responsable efectivo da fábrica ou taller.

2. Mensualmente, os responsables dos libros rexistro deberan presentar para a súa supervisión na Intervención de Armas e Explosivos correspondente. No caso das fábricas, unha copia dos libros rexistro remitiráselle tamén á Dirección Xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.»

Once. O número 1 do artigo 208 queda redactado da seguinte forma:

«1. A autorización para a utilización habitual de explosivos con ámbito nacional será outorgada pola Secretaría de Estado de Seguridade, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e da Dirección Xeral da Garda Civil. Esta autorización terá un prazo de validez de cinco anos, salvo indicación en contrario, revogación ou renuncia ou cesación da actividade durante o prazo dun ano, e quedará recollida nun rexistro oficial constituído para o efecto na Dirección Xeral da Garda Civil.»

Doce. Introdúcense dous números no artigo 211, o 3 e o 4, que terán a seguinte redacción:

«3. En todas as explotacións e obras en que se consuman explosivos deberase levar un libro rexistro específico, no cal se consignarán diariamente as entradas, saídas e existencias, así como os datos de identificación do material, do efectivamente consumido e do sobrante, e de todo o persoal que interviu. O dito libro rexistro, previamente á súa utilización, deberase presentar ante a Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno para ser numerado, selado e dilixenciado.

Ademais do disposto no parágrafo anterior, cada día que se consuman explosivos, os responsables de cada equipo de traballo ou voadura que se desinen especificamente deberán completar e asinar unha acta de uso de explosivos.

Mensualmente, os responsables do libro rexistro de consumo e das actas de uso de explosivos remitiranlle estes documentos á Intervención de Armas e Explosivos da localidade a que estea adscrita a explotación ou obra, así como á Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno correspondente.

4. Coa finalidade de reforzar a protección dos explosivos na súa fase derradeira de consumo, os responsables da explotación ou obra deberán contar cun servizo de vixilantes de seguridade de explosivos, os cales á finalización do proceso de voadura poderán efectuar de forma aleatoria rexistros individuais ao persoal que participase na dita operación, todo iso de acordo cun plan aprobado e supervisado pola Intervención de Armas e Explosivos correspondente, á que se lle enviará mensualmente un resumo das actuacións realizadas.»

Trece. Os puntos cuarto, quinto e sexto da instrución técnica complementaria número 1 quedan redactados da seguinte forma:

«Transporte por estrada

O ámbito de aplicación desta ITC afectará os explosivos e cartuchería metálica en cantidade superior a 5.000 cartuchos.

Con 48 horas de antelación, toda empresa que pretenda transportar as materias antes descritas

polo territorio nacional, en actividades interiores, transferencias, importación, exportación ou tránsito, presentará para a súa aprobación ante a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que sexa a competente en función do ámbito territorial do transporte, un plan de seguridade (documento base e addenda de actualización) segundo o modelo aprobado pola Dirección Xeral da Garda Civil e confeccionado pola empresa de seguridade que deba efectualo.

Con carácter xeral, a dotación de cada vehículo de motor que transporte as materias citadas estará integrada polo menos por dous vixilantes de seguridade de explosivos, sempre que os ditos vehículos cumpran as características que se determinen nunha orde ministerial. Un deles será responsable e coordinador de toda a seguridade. En ningún caso poderán realizar tarefas de carga ou descarga.

Naqueles casos en que o vehículo non cumpra coas especificacións que se determinen na orde ministerial, ou cando a Dirección Xeral da Garda Civil, mediante resolución motivada, o considere necesario por razóns de seguridade, ademais do persoal de dotación antes imposto, deberán ir acompañados por un vehículo de apoio con polo menos un vixilante de seguridade de explosivos dunha empresa de seguridade privada, que non poderá realizar tarefas de conducción, carga ou descarga.

Cando o transporte estea formado por un convoi, a dotación mínima será dun vixilante de seguridade de explosivos por vehículo de motor en que se transporten as materias citadas, acompañado por dous vehículos de apoio nos cales viaxará polo menos un vixilante de seguridade de explosivos dunha empresa de seguridade privada, que non poderá realizar tarefas de conducción, carga ou descarga.

Todos os vehículos de motor estarán enlazados cun centro de comunicacións dunha empresa de seguridade privada designada pola empresa de seguridade que efectúe o transporte, así como cos centros operativos de servizos da Garda Civil das provincias de orixe, destino, entrada no territorio nacional e polas que transcorra o transporte, mediante un ou varios sistemas de comunicación que permitan a conexión, en todo momento, desde calquera punto do territorio nacional. No caso de que o transporte de explosivos estea formado por máis dun vehículo, incluídos, se é o caso, os de apoio, todos estarán enlazados entre si.

As características que deben reunir os vehículos de transportes de explosivos especificaranse por orde ministerial.

Polas características do transporte, ademais destas medidas de seguridade, a Garda Civil poderá establecer unha escolta propia co número de efectivos que considere idóneo.

Todas as incidencias que se produzan durante o transporte constarán na guía de circulación.

Todas as comandancias coñecerán o paso de transportes de explosivos pola súa demarcación. Para iso a comandancia de orixe comunicarlle con 24 horas de antelación ás comandancias de paso e de destino.

Transporte por ferrocarril

O ámbito de aplicación desta ITC afectará os explosivos e cartuchería metálica en cantidade superior a 5.000 cartuchos.

Con 48 horas de antelación, toda empresa que pretenda transportar as materias antes descritas polo territorio nacional, en actividades interiores, transferencias, importación, exportación ou tránsito, presentará para a súa aprobación ante a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que sexa a competente en función do ámbito territorial do transporte, un plan de seguridade (documento base e addenda de actualización) segundo o modelo aprobado pola Dirección Xeral da Garda Civil e confeccionado pola empresa de seguridade que deba efectualo.

En ningún caso poderán circular dous vagóns consecutivos cargados con algunha das materias citadas.

Con carácter xeral, a dotación para este tipo de transportes estará integrada polo menos por tres vixilantes de seguridade de explosivos, sempre que os vagóns cumpran as características que se determinen nunha orde ministerial. Un deles será responsable e coordinador de toda a seguridade. En ningún caso poderán realizar tarefas de carga ou descarga.

Os vixilantes de seguridade deberán viaxar distribuídos da seguinte maneira: un, no vagón tractor ou no máis próximo; outro, no vagón inmediatamente anterior do que transporte materias regulamentadas, e o outro, no inmediatamente posterior.

Naqueles casos en que os vagóns non cumpran coas especificacións que se determinen na orde ministerial, ou cando a Dirección Xeral da Garda Civil, mediante resolución motivada, o considere necesario por razóns de seguridade, poderase aumentar o número de vixilantes de seguridade de explosivos.

Todos os vagóns estarán enlazados entre si, cun centro de comunicacións dunha empresa de seguridade privada designada pola empresa de seguridade que efectúe o transporte, así como cos centros operativos de servizos da Garda Civil das provincias de orixe, destino, entrada no territorio nacional e polas que transcorra o transporte, mediante un ou varios sistemas de comunicación que permitan a conexión, en todo momento, desde calquera punto do territorio nacional.

As características que deben reunir os vagóns destinados ao transporte de explosivos especificaranse por orde ministerial.

Polas características do transporte, ademais destas medidas de seguridade, a Garda Civil poderá establecer unha escolta propia co número de efectivos que considere idóneo.

Todas as incidencias que se produzan durante o transporte constarán na guía de circulación.

Todas as comandancias coñecerán o paso de transportes de explosivos pola súa demarcación. Para iso a comandancia de orixe comunicarllelo con 24 horas de antelación ás comandancias de paso e de destino.

Transporte fluvial

O ámbito de aplicación desta ITC afectará os explosivos e cartucharía metálica en cantidade superior a 5.000 cartuchos.

Con 48 horas de antelación, toda empresa que pretenda transportar as materias antes descritas polo territorio nacional, en actividades interiores, transferencias, importación, exportación ou tránsito,

presentará para a súa aprobación ante a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que sexa a competente en función do ámbito territorial do transporte, un plan de seguridade (documento base e addenda de actualización) segundo o modelo aprobado pola Dirección Xeral da Garda Civil e confeccionado pola empresa de seguridade que deba efectualo.

Con carácter xeral, a dotación para este tipo de transportes estará integrada polo menos por dous vixilantes de seguridade de explosivos por embarcación, que se poderá aumentar cando a Dirección Xeral da Garda Civil, mediante resolución motivada, o considere necesario por razóns de seguridade. Un deles será responsable e coordinador de toda a seguridade. En ningún caso poderán realizar tarefas de carga ou descarga.

Todas as embarcacións estarán enlazadas entre si cun centro de comunicacións dunha empresa de seguridade privada designada pola empresa de seguridade que efectúe o transporte, así como cos centros operativos de servizos da Garda Civil das provincias de orixe, destino, entrada no territorio nacional e polas que transcorra o transporte, mediante un ou varios sistemas de comunicación que permitan a conexión, en todo momento, desde calquera punto do territorio nacional.

Polas características do transporte, ademais destas medidas de seguridade, a Garda Civil poderá establecer unha escolta propia co número de efectivos que considere idóneo.

Todas as incidencias que se produzan durante o transporte constarán na guía de circulación.

Todas as comandancias coñecerán o paso de transportes de explosivos pola súa demarcación. Para iso a comandancia de orixe comunicarllelo con 24 horas de antelación ás comandancias de paso e de destino.»

Catorce. O punto da instrución técnica complementaria número 18 queda redactado da seguinte forma:

«1. A polvoreira ou as polvoreiras que constitúan un depósito auxiliar de distribución deberán ser dun modelo homologado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.»

Quince. Os puntos 1 e 2 da instrución técnica complementaria número 20 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Guía de circulación.

A guía de circulación de materias regulamentadas axustarase en cada caso ao modelo que sexa aprobado por orde do ministro do Interior e publicado no "Boletín Oficial del Estado".

2. Libros rexistro.

Os libros rexistro axustaranse ao establecido por orde ministerial. Na citada orde poderase prever que tanto o mantemento como a remisión dos datos contidos nos ditos libros rexistro se poida realizar por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sen prexuízo da necesaria obriga de cubrir e asinar as preceptivas actas de uso de explosivo.»

Dezaseis. Insírense dous anexos, o I e o II, coa seguinte redacción:

"REGULAMENTO DE EXPLOSIVOS

ANEXO I

Artigos considerados pirotécnicos nas recomendacións pertinentes das Nacións Unidas

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/ división	Glosario (a título informativo)
<i>Grupo G</i>			
0009	Municións incendiarias con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.2 G	Munición Termo xenérico referido principalmente a obxectos de uso militar: bombas, granadas, foguetes, minas, proxectis e similares. Municións incendiarias Munición que contén unha materia incendiaria. Con excepción das composicións que son en si explosivas, conteñen un ou varios dos seguintes compoñentes: carga propulsora con iniciador e carga iniciadora, espoleta con carga de dispersión ou de expulsión.
0010	Municións incendiarias con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0009
0015	Municións fumixenas, con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.2 G	Municións fumixenas Munición que contén unha materia fumixena, e tamén, excepto cando a materia en si é explosiva, un ou varios dos elementos seguintes: carga propulsora con cebo e carga de acendido, espoleta con carga de dispersión ou de expulsión.
0016	Municións fumixenas, con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0015
0018	Municións lacrimóxenas, con carga de dispersión, expulsión ou propulsora	1.2 G	Municións lacrimóxenas, con carga de dispersión, expulsión ou propulsora Municións que conteñen unha substancia lacrimóxena. Conteñen tamén un ou varios dos seguintes compoñentes: materias pirotécnicas, carga propulsora con iniciador e carga iniciadora e espoleta con carga de dispersión ou de expulsión.
0019	Municións lacrimóxenas, con carga de dispersión, expulsión ou propulsora	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0018
0039	Bombas de iluminación para fotografía	1.2 G	Bombas Obxectos explosivos que se lanzan desde un avión. Poden conter líquido inflamable con carga rompedora, composición iluminante e carga de dispersión. Este termo inclúe as bombas de iluminación para fotografía.
0049	Cartuchos fulgurantes	1.1 G	Cartuchos fulgurantes Obxectos consistentes nunha envoltura, un pistón e mestura iluminante, dispostos para seren disparados.
0050	Cartuchos fulgurantes	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0049
0054	Cartuchos de sinais	1.3 G	Cartuchos de sinais Obxectos concibidos para o lanzamento de sinais luminosos de cores, ou outros sinais, coa axuda de pistolas de sinais, etc.
0066	Mecha de combustión rápida	1.4 G	Mecha de combustión rápida Obxecto formado por un cordón recuberto de pólvora negra (ou outra composición pirotécnica de combustión rápida) cun revestimento flexible de protección, ou dunha alma de pólvora negra, rodeada dun recubrimento téxtil flexible. Arden con chama externa e serven para transmitir o acendido a unha carga ou a un cebo.
0092	Bengalas de superficie	1.3 G	Bengalas Obxectos que conteñen materias pirotécnicas, de utilización superficial, para iluminar, identificar, sinalizar ou avisar.
0093	Bengalas aéreas	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0092

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/ división	Glosario (a título informativo)
0101	Mecha non detonante	1.3 G	En inglés, dúas palabras moi parecidas designan respectivamente a mecha (<i>fuse</i>) e a espoleta (<i>fuze</i>). Aínda que ambas as palabras teñen unha orixe común (o francés <i>fusée</i>) e se consideran ás veces variantes ortográficas dun mesmo termo, é útil manter a convención de utilizar <i>fuse</i> para referirse a un dispositivo de acendido (mecha) e <i>fuze</i> para designar dispositivos con compoñentes mecánicos, eléctricos, químicos ou hidrostáticos usados para iniciar a cadea por detonación ou deflagración da munición. Mecha instantánea, non detonante Obxectos consistentes en fíos de algodón impregnados de polvorín. Arden con chama exterior e utilízanse nas cadeas de incendio dos artificios pirotécnicos.
0103	Mecha de ignición tubular con envoltura metálica	1.4 G	Mecha de ignición tubular con envoltura metálica Obxecto formado por un tubo de metal con alma de explosivo deflagrante.
0171	Municións iluminantes con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.2 G	Municións iluminantes con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora Munición deseñada para producir unha fonte única de luz intensa para iluminar unha zona. Este termo inclúe os cartuchos, granadas, proxectís e bombas iluminantes e as bombas de localización
0191	Artificios manuais de pirotecnia para sinais	1.4 G	Obxectos deseñados para producir sinais.
0192	Petardos de sinais para ferrocarrís	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0191
0194	Sinais de socorro para barcos	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0191
0195	Sinais de socorro para barcos	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0191
0196	Sinais fumíxenos	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0191
0197	Sinais fumíxenos	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0191
0212	Trazadores para municións	1.3 G	Trazadores para municións Obxectos cerrados, con materias pirotécnicas, concibidos para seguir a traxectoria dun proxectil.
0254	Munición iluminante con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0171
0297	Municións iluminantes con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0254
0299	Bombas de iluminación para fotografía	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0039
0300	Municións incendiarias con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0009
0301	Municións lacrimóxenas, con carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0018
0303	Municións fumíxenas, con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0015
0306	Trazadores para municións	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0212

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/ división	Glosario (a título informativo)
0312	Cartuchos de sinais	1.4 G	Cartuchos de sinais Obxectos concibidos para o lanzamento de sinais luminosos de cores, ou outros sinais, coa axuda de pistolas de sinais, etc.
0313	Sinais fumixenos	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0195
0318	Granadas de exercicios, de man ou de fusil	1.3 G	Granadas de man ou de fusil Obxectos deseñados para seren lanzados á man ou con axuda dun fusil. Con sistema de iniciación. Poden conter unha carga de sinalización. Este termo inclúe as granadas de exercicios, de man ou de fusil
0319	Cebos tubulares	1.3 G	Cebos tubulares Obxectos constituídos por un cebo de ignición e unha carga auxiliar deflagrante —como, por exemplo, a pólvora negra— utilizados para o acendido da carga de proxección contida nunha vaiña, etc.
0320	Cebos tubulares	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0319
0333	Artificios de pirotecnia	1.1 G	Artificios de pirotecnia Obxectos pirotécnicos destinados a usos recreativos.
0334	Artificios de pirotecnia	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0333
0335	Artificios de pirotecnia	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0333
0336	Artificios de pirotecnia	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0333
0362	Municións de exercicios	1.4 G	Municións de exercicios Municións desprovistas de carga explosiva principal, pero con carga de dispersión ou de expulsión. Xeralmente conteñen unha espoleta e unha carga propulsora.
0363	Municións de probas	1.4 G	Municións de probas Municións que conteñen unha materia pirotécnica e se empregan para ensaiar a eficacia ou a potencia de novos compoñentes ou conxuntos de municións ou de armas.
0372	Granadas de exercicios, de man ou de fusil	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0318
0373	Artificios manuais de pirotecnia para sinais	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0191
0403	Bengalas aéreas	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0092
0418	Bengalas de superficie	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0092
0419	Bengalas de superficie	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0092
0420	Bengalas aéreas	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0092
0421	Bengalas aéreas	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0092
0424	Proxectís inertes con trazador	1.3 G	Proxectís Obús, bala de canón ou doutras pezas de artillaría, de fusil ou de calquera outra arma de pequeno calibre. Poden ser inertes, con ou sen trazador, ou conter carga de dispersión ou de expulsión ou carga rompedora. Este termo inclúe: proxectís inertes con trazador, proxectís con carga de dispersión ou de expulsión, proxectís con carga rompedora.
0425	Proxectís inertes con trazador	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0424
0428	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos	1.1 G	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos Obxectos que conteñen substancias pirotécnicas e se destinan a usos técnicos, como produción de calor ou gas, efectos escénicos, etc. Este termo non inclúe os seguintes obxectos, que figuran noutras rúbricas: todo tipo de munición, cartuchos de sinais, artificios de pirotecnia, cizallas cortacables con carga explosiva, cargas explosivas de separación, bengalas aéreas, bengalas de superficie, remaches explosivos, artificios manuais de pirotecnia para sinais, sinais de socorro, petardos de sinais para ferrocarrís e sinais fumixenos.
0429	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0428
0430	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0428
0431	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0428

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/ división	Glosario (a título informativo)
0434	Proxectís con carga de dispersión ou carga de expulsión	1.2 G	Proxectís Obús, bala de canón ou doutra peza de artillaría, de fusil ou de calquera outra arma de pequeno calibre. Poden ser inertes, con ou sen trazador, ou conter carga de dispersión ou de expulsión ou carga rompedora. Este termo inclúe: proxectís inertes con trazador, proxectís con carga de dispersión ou de expulsión, proxectís con carga rompedora.
0435	Proxectís con carga de dispersión ou carga de expulsión	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0434
0452	Granadas de exercicio, de man ou de fusil	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0372
0487	Sinais fumixenos	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0194
0488	Municións de exercicios	1.3 G	Municións de exercicios Municións desprovistas de carga explosiva principal, pero con carga de dispersión ou de expulsión. Xeralmente conteñen unha espoleta e unha carga propulsora. Este termo non inclúe as granadas de exercicio, que figuran noutras rúbricas.
0492	Petardos de sinais para ferrocarrís	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0194
0493	Petardos de sinais para ferrocarrís	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0194
0503	Xeradores de gas para bolsas inflables ou módulos de bolsas inflables ou pretensores de cintos de seguridade	1.4 G	
<i>Grupo S</i>			
0110	Granadas de exercicio, de man ou de fusil	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0318
0193	Petardos de sinais para ferrocarrís	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0194
0337	Artificios de pirotecnia	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0334
0345	Proxectís inertes con trazador	1.4 S	Proxectís Obús, bala de canón ou doutras pezas de artillaría, de fusil ou de calquera outra arma de pequeno calibre. Poden ser inertes, con ou sen trazador, ou conter carga de dispersión ou de expulsión ou unha carga rompedora.
0376	Cebos tubulares	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0319
0404	Bengalas aéreas	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0092
0405	Cartuchos de sinais	1.4 S	Cartuchos de sinais Obxectos concibidos para o lanzamento de sinais luminosos de cores, ou outros sinais, coa axuda de pistolas de sinais, etc.
0432	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos	1.4 S	

ANEXO II

Artigos respecto dos cales se require unha especificación en canto a se se trata de artigos pirotécnicos ou de explosivos

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/ división	Glosario (a título informativo)
<i>Grupo G</i>			
0121	Acendedores	1.1 G	Inflamadores Obxectos que conteñen unha ou varias materias explosivas e se utilizan para iniciar unha deflagración nunha cadea pirotécnica. Pódense activarse química, eléctrica ou mecanicamente.
0314	Acendedores	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0121
0315	Acendedores	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0121
0316	Espoletas de ignición	1.3 G	
0317	Espoletas de ignición	1.4 G	
0325	Acendedores	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0121
0353	Obxectos explosivos NEP	1.4 G	
0454	Acendedores	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0121
<i>Grupo S</i>			
0131	Acendedores, para mechas de minas	1.4 S	Acendedores, para mechas de minas Obxectos, de deseño diverso, utilizados para acender, por fricción, choque ou electricidade, as mechas de minas.
0349	Obxectos explosivos N.E.P.	1.4 S	
0368	Espoletas de ignición	1.4 S ^o	

Disposición adicional única. *Adaptación do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, ao Real decreto 553/2004, do 17 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.*

As referencias realizadas ao longo do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, ao Ministerio de Industria e Enerxía entenderanse efectuadas ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación dos requisitos de seguridade das polvoreiras.*

As polvoreiras a que se refire o artigo 190.2 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, deberanse adaptar e reunir os requisitos de seguridade establecidos neste nun prazo dun ano a partir do día seguinte da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria segunda. *Vixencia das autorizacións para a utilización de explosivos con ámbito nacional.*

As autorizacións previstas no artigo 208.1 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, outorgadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, conservarán a súa vixencia durante o prazo de tempo polo que foron concedidas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións normativas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Reforma do Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro.*

O número 3 do artigo 33 do Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 236/1994, do 9 de decembro, queda redactado da seguinte forma:

«3. A dotación e as funcións dos vixilantes de cada vehículo de transporte e distribución de explosivos determinaranse consonte o que dispoña o Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.»

Disposición derradeira segunda. *Comunicación.*

Os responsables das instalacións disporán dun prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto para comunicar á Intervención de Armas e Explosivos correspondente a relación das persoas a que alude o número 4 do artigo 195 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

XEFATURA DO ESTADO

4172 *REAL DECRETO LEI 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.* («BOE» 62, do 14-3-2005.)

I

O principal obxectivo da política económica desenvolvida polo Goberno é aumentar o benestar dos cidadáns. Para alcanzar este obxectivo é preciso impulsar un modelo de crecemento equilibrado e sostido, baseado no aumento da produtividade e do emprego, que permita atender as necesidades colectivas e promover unha maior cohesión social, ao tempo que facilite a resposta aos retos derivados da cada vez maior integración económica nos mercados europeos e mundiais.

O modelo de crecemento económico seguido nos últimos anos, aínda que contribuíu a aproximar os niveis de renda per cápita de España aos dos países máis avanzados da Unión Europea, presenta carencias que é indispensable afrontar e corrixir. Entre elas destaca a escasa achega da produtividade ao crecemento. Esta debilidade deu lugar a que o nivel medio de produtividade da economía española se afastase, nos últimos anos, do dos países máis avanzados do noso contorno, en lugar de converxer.

O afastamento con respecto aos niveis de produtividade dos países máis avanzados representa un serio risco para a evolución da economía española, tanto a longo prazo como de forma inmediata. A longo prazo, a produtividade é o principal determinante do crecemento económico e o seu aumento é esencial para garantir a sustentabilidade futura do Estado do benestar, especialmente no marco de envellecemento da poboación ao que se enfrenta a nosa sociedade. De forma inmediata, no contexto de crecente apertura e integración da economía española nos mercados europeos e internacionais, o aumento da produtividade é indispensable para absorber os incrementos nos custos de produción e evitar así perdas de competitividade que suporían un freo ao crecemento.

No momento actual, a economía internacional e, en especial, as principais economías comunitarias encóntranse nun camiño de recuperación que, no entanto, non está exenta de incertezas e riscos. Cómpre destacar que a economía española é particularmente vulnerable a algúns destes riscos, coma os derivados do elevado nivel dos prezos dos produtos enerxéticos ou os asociados a un eventual endurecemento das condicións monetarias.

Neste contexto, requírese a adopción de reformas urxentes que aposten decididamente pola eficiencia e a competitividade dos mercados financeiros e enerxéticos, como mecanismo para contribuír ao impulso da produtividade no conxunto do sistema económico, e afrontar así unha das principais debilidades do modelo de crecemento económico. Estas reformas constitúen un instrumento indispensable para atenuar os riscos e aproveitar as oportunidades que presenta o escenario económico internacional antes descrito.

Na evolución da produtividade desempeñan un papel especialmente relevante mercados coma o financeiro ou o enerxético, de carácter estratéxico para a evolución xeral da actividade económica. Os mercados financeiros realizan o indispensable labor de canalizar o aforro cara ao investimento produtivo. A súa eficiencia é unha condición necesaria para potenciar ao máximo a capacidade de crecemento da economía. A enerxía é un insumo básico para a actividade económica e, en particular, para